

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

*ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no soar número 50 da rúa Emilio González López (expediente 631/2022/157).*

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 12 de xaneiro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar definitivamente o documento do estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no soar número 50 da rúa Emilio González López, polígono de Los Rosales-A Coruña. Novembro 2022, promovido por Desarrolla Obras y Servicios, S.L., redactado por Arqyur, S.C. e asinado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos, e as arquitectas Mónica Mesejo Conde e Sara Prieto Hortas.

Segundo. Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do documento.

Terceiro. Notificar este acordo ao promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente.

O contido íntegro do estudo de detalle aprobado pódese consultar fisicamente nas dependencias da Área Municipal de Urbanismo; na sede electrónica deste concello, na páxina web <https://coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe planeamento vixente; ou ben, desde a mesma web, a través do visor de desenvolvemento do planeamento.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do



13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

A Coruña, 19 de xaneiro de 2023

A alcadesa  
P.D. (Decreto 3847, do 27.6.2019)  
María Hernández García  
Directora da Área Municipal de Urbanismo

CVE-DOG: e37ib0e9-[219-frs6-77d4-luy8rlfj8]



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>